

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: **A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos:** requírese unha **breve** definición en termos xeográficos. **A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 1 punto:** solicítase **unicamente** cita-los elementos. **A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos:** valorarase a organización e a exposición de contidos. **A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos:** pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN A

1- Defina brevemente: **MARISMA, SECTOR TERCIARIO, ISOTERMA, FONDOS ESTRUTURAIIS, RÉXIME DE TENENCIA.**

2- Na figura A-1 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das que aparecen sinaladas cun número.

3- Desenvolva a cuestión: **Os factores condicionantes da agricultura española.** Orientacións para o desenvolvemento: factores físicos e factores humanos, a diversidade rexional de factores, as consecuencias nas paisaxes agrarias e as producións etc.


4- Comente vostede a figura B-1. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características dos feitos que representa, relación coas principais unidades de relevo e coas altitudes peninsulares, relación cos tipos de solo, coas paisaxes agrarias etc.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A



FIG. A 1



Mapa de distribución de las formaciones silíceas, calizas y arcillosas en la Península Ibérica y Baleares (basado en Solé Sabarís et al., 1952).

FIG. A 2

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: **A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos:** requírese unha **breve** definición en termos xeográficos. **A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 1 punto:** solicítase **unicamente** cita-los elementos. **A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos:** valorarase a organización e a exposición de contidos. **A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos:** pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN B

1- Defina brevemente: ANTICLINAL, PLANO ORTOGONAL, ENDEMIA, ROTACIÓN DE CULTIVOS, MAREA.

2- Na figura A-2 aparece a trama das Comunidades Autónomas españolas. Cite vostede o nome e a capital das atravesadas pola liña, de forma ordenada de NE a SW.

3- Desenvolva a cuestión: **Os factores condicionantes e a evolución da industria española.** Orientacións para o desenvolvemento: orixes da industrialización, rexións pioneiras, desequilibrios espaciais, instrumentos de corrección de desequilibrios, áreas industriais, problemas actuais da industria etc.

4- Comente vostede a figura B-2. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da distribución dos feitos representados, localización espacial e nas variedades climáticas españolas, consecuencias na paisaxe etc.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B





FIG. B 1



Temperatura media anual: 15,0°. Precipitacións anuais: 1.708 mm. Amplitude térmica: 10,9°

FIG. B 2